



## **XXXII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO DE CLUBS e CONTROL DE MARCHA**

**17 de abril de 2021- O Barco de Valdeorras**

### **MEDIDAS ACTUACIÓN ANTI-COVID-19**

#### **1 ACCESO Á INSTALACIÓN**

O acceso a instalación realizarase pola entrada principal situada en la calle Rio Mariñán, mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas e seguindo a sinalización.

- Non se permite o acceso de público.
- Autorizarase o acceso á instalación, unicamente, os/as atletas participantes, xuíces e persoal de organización.
- Permitirase o acceso a fotógrafos e redactores de medios de comunicación debidamente acreditados.
- Polas restricións de aforo nas gradas por protocolo da propia instalación, será controlado e limitado. Establecerase para elo a petición de cita previa, pendente da limitación da redución de aforo da instalación determinada pola actual situación derivada do COVID-19. Cada equipo poderá acreditar ata un máximo de 3 persoas responsables do equipo.
- A instalación permanecerá pechada entre as 14:00h e as 15:00h.

#### **2 USO OBRIGATORIO DE MÁSCARA E MEDIDAS HIXIÉNICAS**

É obrigatorio a utilización da máscara hixiénica ou cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo da FGA.

Haberá xel hidro-alcohólico no acceso a instalación, na Secretaría, na Cámara de chamadas, na Meta, e nas zonas que requiran os xuíces para o seu cometido.

Haberá produto hixienizante para a zona de salto de altura, na zona do salto con pértega, e para facer uso nos diferentes artefactos e nos tacos de saída das carreiras.



### **3 VESTIARIOS**

Os vestiarios: estarán pechados o publico e atletas.

Haberá servicios de emerxencia, para homes e mulleres, situados nas inmediacións da saída da instalación. Sendo imprescindible seguir as normas de uso indicadas pola instalación.

### **4 CÁMARA DE CHAMADAS**

A Cámara de Chamadas accederase polo portón situado na Rúa das Areas .

É obrigado por todos/as os/as atletas entregar en cámara de chamadas a Declaración Responsable, sen a cal non se autorizará a participación.

Os/as responsables do club recollerán os dorsais de cada equipo.

### **5 ZONA DE QUECEMENTO**

Os/as atletas disporán para realizar os seus exercicios de quecemento no exterior do Estadio Municipal de Calabagueiros, entre o estadio e o I.E.S Lauro Olmo.

O quecemento deberá realizarse de xeito individual e gardando a distancia de seguridade respecto aos demais atletas e facendo un bo uso da máscara.

### **6 CARREIRAS**

Nas carreiras, as máscaras hixiénicas coas que se entre na zona de competición serán depositadas nunha caixa na saída e entregarase unha nova unha vez chegado o/a atleta a meta. No caso de abandono sen concluír a proba, o/a atleta en cuestión deberá achegarse á zona de meta para lle ser entregada unha nova máscara.

### **7 CONCURSOS**

A entrega de artefactos para a súa homologación realizarse na secretaría (situado no local da Delegación baixo a grada), ata una hora antes do comezo da proba.



Todo material que sexa compartido será desinfectado antes do seu uso por outra persoa.

## **8 DIRECTOR PROTOCOLO FGA COVID-19**

A organización estará a disposición do Director de Protocolo COVID-19 nomeado pola FGA para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas.

As indicacións do Director de Protocolo COVID-19 son de obrigado cumprimento para toda as persoas presentes na instalación.

## **9 NORMATIVA**

A competición desenvolverase segundo o Protocolo FisiCOVID – Deporte Galego da Federación Galega de Atletismo e aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O incumprimento destas normas poñerase en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción.

A entrega de premios, realizarase no podio unicamente aos responsables elixidos por cada equipo, non estando permitida ningún acto multitudinario no estadio. Polo que calquera das posibles fotografías o celebracións deberán sempre respectar o distanciamento de 1,5m en todo momento.

Disposición dos equipos na grada:





Os/as atletas deberán cumprir en todo momento a distancia de seguridade.

Non está permitido facer ningunha comida na grada por parte de ningún equipo participante tanto de xeito colectivo coma individual.

Unha vez estean finalizadas as probas do control de marcha, tanto os/as atletas participantes coma os seus responsables deberán abandonar a instalación. Recomendado que o fagan unha vez finalicen a súa participación

## 10. PLANO DA INSTALACIÓN

